



O director do CITIC, Manuel Penedo, saúda á Secretaria de Estado



A secretaria de Estado comproba o funcionamento dun dron de SmartDrones



Foto grupal coa secretaria de Estado de Universidades

Ángeles Heras visita o CITIC

O centro pon en valor o seu traballo durante a estadía nas súas instalacións da secretaria de Estado de Universidades e I+D+i

A secretaria de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, Ángeles Heras Caballero, visitou o pasado mes de xullo o Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade de A Coruña. O reitor da UDC, Julio Abalde Alonso, e o presidente do Consello Social da UDC, Antonio Abril Abadín foron os encargados de recibila, nun acto que continuou coa presentación, por parte deste último, do programa para o fomento da responsabilidade social universitaria promovido pola UDC, o seu Consello Social e Inditex ante o equipo de goberno da UDC e membros do Consello Social.

Posteriormente, o director do CITIC, Manuel González Penedo, liderou a visita guiada polo centro. A secretaria de Estado puido coñecer cada detalle do CITIC: instalacións, laboratorios e o viveiro de empresas que o compoñen. Pero, ademais, comprobou en primeira persoa o porqué de que o CITIC sexa hoxe un referente nacional no ámbito das TIC. Asistiu á demostración do funcionamento dun voo autónomo non tripulado dun dron da liña SmartDrones, desenvolvida por Avasing, empresa pertencente a investigadores ligados ao CITIC. E tamén coñeceu da man de profesionais do CITIC os seus avances na integración da tecnoloxía LIDAR para drones.

Durante esta visita institucional, o director do CITIC puxo en valor a labor investigadora que se realiza no centro. É que o CITIC é un exemplo de como dende o ámbito académico se transfiren importantes resultados ao sector produtivo no ámbito das novas tecnoloxías da información. Froito das sinerxías establecidas entre universidade e empresa, en moitos casos, o traballo dos profesionais da entidade conta con importantes recoñecementos a nivel mundial. Ao remate do percorrido polas instalacións do CITIC, tivo lugar no paraninfo do Reitorado da UDC o acto de presentación da Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de A Coruña 2016-2017, elaborado grazas ao convenio de colaboración asinado por Inditex e a UDC. ■

Cofinanciado pola Unión Europea. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade. *Unha maneira de facer Europa*



XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

